

# A música no berce do Lérez: pegadas que xamais se esquecen

José Raposeiras Correa

*“... para que voltemos os ollos a unha época... que non deberíamos esquecer, para que todos nós sintamos o orgullo da Terra que nos ensinou coa súa pobreza o que non puido ensinarnos coa súa riqueza”.*

Xosé Luís Barreiro Rivas

*“...Houbo fame e miseria nalgún tempo na comarca... En cambio, si tivemos alfabetismo e cultura e civismo e capacidade de enfrontarnos á adversidade”.*

Xosé Manuel Rivas Troitiño

## O punto de partida

Na serra do Candán, subindo en plena montaña desde unha das aldeas pertencentes á parroquia de Santa María de Aciveiro: A Noveliza, moi preto do Mosteiro de Aciveiro -dentro do Concello pontevedrés de Forcarei- atopámonos coas fontes que dan orixe ao río Lérez, entre elas: a *Fonte do Rego dos Vidros*, a *Fonte do Pau Dereito*, a *Fonte do Rego Dedra*, a *Fonte do Rego das Latas* e a *Fonte do Forno Telleiro*.

A partir do seu nacemento, o río vai aumentando o caudal -pouco a pouco- ao longo do seu camiñar, bebendo doutras augas procedentes de varios regueiros, regatos pequenos e afluentes como o río do Castro, que rodea os restos do Castelo do Castro de Montes en San Miguel de Presqueiras (primeiro centro administrativo da Xurisdición histórica Terra Montium) ou o río do Seixo que baixa cantaruxando dos altos desta montaña máxica; mendo, pontes, vexetación e paisaxes maravillosas situadas nestas fermosas terras da alta montaña... Nestes



A Noveliza

contextos terramonteses baixo o alto do San Benito do Candán, o Lérez nace e medra e recolle as súas augas levándoas paseniñamente ata o San Benitiño de Lérez cando xa o río abraza ao mar na ría de Pontevedra, entregándolle así as súas augas.

Este río aseméllasenos en certo modo á vida dalgúns de nós: nace na Terra de Montes e desemboca en Pontevedra. Si, o camiño dende unha terra “a nosa” ata outra terra “tamén a nosa”, con moitas vivencias e recordos de gran pegada: lazos de unión, sentimentos comúns, amizade, compañeirismo... Aprendemos uns dos outros partindo dunha raíz común: GALICIA. Un camiño que percorremos moitas e moitas veces, ida e volta, sempre seguindo o curso do río. Cando chega á cidade xa vai canso. Nace puro e cristalino, pasando axiña por debaixo de fermosas pontes románicas como

a de Andón e Gomaíl. Río abaixo, de vagar ou de présa, entre montañas musita co ruxir das súas augas. Comeza así coa súa propia música, con alegría. As súas augas non regresan ao punto de partida (que saibamos), nós de momento si.

Cando falamos das artes musicais ou dos seus artistas nesta zona xeográfica, a ninguén se lle esquecen as tocatas melancólicas e os latexos da gaita e do acordeón, mesmo do saxofón, o bombo e o tambor. Aparecen así nas nosas mentes, imaxes de persoas bailando a muiñeira -con ondas rítmicas- na eira grande á carón dos hórreos; os aturuxos dos gaiteiros e das mozas cando ían para as festas nos camiños das aldeas, cantares galegos dándolle eco e voz aos montes e aos ríos desde Aciveiro, Forcarei, Castrelo, Soutelo, Pardeso, Presqueiras...



Fontes do nacemento do río Lérez

Permítanme pois que dea comezo a este traballo, parafraseando a Frei Martín Sarmiento, **sempre con Galicia no seu corazón**: “nada vexo, nada apalpo, nada leo, nada escribo, nada observo, nada experimento e nada cavilo que non teña á vista... a Boa Vila” ou Terra de Montes. Así fago miñas as súas palabras, identifícome con elas xa que desde as paisaxes destes contornos -os que tanto quero e nos que nacín- aos que lle engado a “miña Pontevedra” -cidade na que vivo e traballo- escribo lembrando o pasado, contento co presente e pensando nun futuro que entre todos debemos axudar a construír e mellorar.

E xa, sen máis preámbulos, procedemos a situarnos no tema que hoxe nos ocupa. A música na terra da miña infancia e xuventude, a Terra de Montes contenta de ver como nace e como comeza a discurrir tranquilamente o río Lérez. O leito e recuncho de ilustres pintores, canteiros, cregos, cineastas, músicos e compositores moi vencellados a Pontevedra e de Galicia para o mundo. Nestas terras de alta montaña onde tantos e tantos acordeonistas e gaiteiros, entre outros, facían e fan soar os seus instrumentos sen perder o norte das súas tradicións, sempre na procura da alegría nas súas xentes, facéndoas bailar e cantar. Velá pois a festa, as cantigas, os aturuxos, diversión, algarabía... O lema central ía sempre dirixido á expresión dos seus sentimentos relacionados cos costumes, hábitos, idiosincrasia, carácter, emigración, etc.

### **Análise dunha idiosincrasia musical nas orixes do río**

Comezaremos falando dos gaiteiros lendarios de Galicia, persoeiros de grande renome e sona: os Gaiteiros de Soutelo. A súa pegada constitúe un referente estético, cultural e musical para a xeración de gaiteiros

posteriores. Citamos a continuación algúns dos seus trazos biográficos e/ou facetas máis significativas:

Lembrar a biografía de **Avelino Cachafeiro Bugallo** -O GAITEIRO DE SOUTELO- vainos servir de testemuña de como nacen as lendas da nosa terra. Viu a luz por vez primeira na localidade de Soutelo de Montes, o día 26 de maio de 1899, morrendo na mesma freguesía o 13 de abril de 1972. Foi o auténtico líder e máximo expoñente do tradicional cuarteto de gaitas (el e os seus irmáns Bautista e Víctor Castor xunto ao seu pai Fermín Cachafeiro Balado). Aprendeu a profesión de ferreiro no lugar de Carballás (parroquia de Cerdedo), por se a música non era suficiente para o sustento da economía familiar. Case autodidacta, por tradición familiar aprendeu a tocar a gaita, imitando o seu avó e o seu pai tamén gaiteiros.

No ano 1924 foi proclamado o **mellor Gaitero de Galicia** en Santiago de Compostela, nun Concurso das Festas do Apóstolo. Así escribía na súa crónica Alfonso Daniel Rodríguez **Castelao**, recollendo a chegada a Soutelo de Montes: “E no serán do seguinte día velaí ven Avelino cos seus irmáns -todos vestidos ó xeito enxebre- tocando unha muiñeira que lle erguía o rabo ao mesmo can de San Roque. O pai do gaitero, na porta da casa, botou un foguete. Avelino ganara o primeiro premio...” Remataba esta reportaxe que publicou no xornal “Galicia” de Vigo: “A lenda estaba lanzada, imparable ...”. Castelao non sómente fixo de cronista. Emparellando sentimentos e artistas, pintou a **Avelino de gaitero**, pero nada menos que coa **cara de Rosalía** no **fol da gaita**: tres símbolos de Galicia, xunguidos no debuxo (unha versión deste mesmo debuxo, completa e coloreada, está exposta no Museo de Pontevedra).

*Toca, gaiteriño, toca,  
meniñas, correi a velo  
qué moita gaita a gaitiña  
do Gaitero de Soutelo.*



Texto e caricatura de Castelao.  
Soutelo de Montes, 30 de xullo de 1924.

Catro anos máis tarde (1928) gravan seis discos, nos que aparecen -entre outras- obras como: A muiñeira de Chantada, a Alborada de Rosalía de Castro, Foliada de Tenorio, Foliada de Barro de Arén e Fandango de Pontevedra. Aí vai pois o río Lérez, camiño de Pontevedra, levando o son e os aires que fan música desde o fol da gaita, con recordos ao seu paso por Cerdedo (Barro de Arén), Tenorio (Cotobade) ata co fandango que leva o nome da propia cidade.

Os Gaiteros de Soutelo levaron o nome da nosa terra por moitos currunchos da xeografía nacional e internacional. Ademais da terra galega como punto de partida, actuaron en cidades como Madrid, Barcelona, Bilbao, etc. así como no Teatro Avenida de Buenos Aires (28 de febreiro de 1930), con decorados elaborados tamén por Castelao. Bagoas e máis bagoas dos galegos

emigrados, alegrías, nostalxia, morriña ... Así somos e sentimos moitas das persoas nativas ou oriúndas dos concellos de **Beariz** (provincia de Ourense) e de **Cerdedo-Cotobade** e **Forcarei** (provincia de Pontevedra) ademais doutras **parroquias limítrofes** pertencentes tamén á xurisdición histórica da **Terra de Montes**.

O **Gaitero de Soutelo** tamén sentía un gran amor pola pintura: Autorretrato (1934), Cruceiro da Consolación (1941) e pola poesía que tanto lle inspiraba o son da gaita. Deste xeito -no ano 1969- publicaba o libro “**Voando cas aas da vida**”.



Autorretrato

Daquela, falar da lingua e da cultura galega asemellábasenos case cunha utopía. Só no rural o entendiamos falando, pensando e vivindo en galego. Na cidade pouca xente podía manifestar interese por estas temáticas debido a diversos motivos que agora non veñen ao caso para a súa explicación. Na actualidade, cando nomeamos aos Gaiteros de Soutelo facémolo -en maiúsculas- polo que representan para as nosas tradicións, cultura e música popular galega.

A min aínda hoxe me ferve o sangue ao recordar o poema titulado “**O testamento**” que aparece ao final do citado libro. Véxase a continuación un pequeno fragmento:

*Meu avó e meu pai gaiteriños  
e meus irmáns tamén,  
alentando a Galiza nun fol,  
ao vento que vai e non vén ...  
Aledamos as festas do Apóstolo  
no regazo de Rosalía,  
cantaban os paxariños  
o meu chorar de alegría.  
Alí bauticei a muiñeira  
á que lle puxen de Chantada;  
...  
Muiñeira, ti vas para Chantada  
e enfeitizas a pomba branquiña;  
cando te toco na gaita  
engaiolas a ialma miña.  
E sinto a enteira Galiza  
no meu corazón cautiva.  
Cando saibas que morrín,  
gaitiña miña gaitiña,  
esperta a miña alborada  
que toco para Rosalía ...  
que dorme no teu punteiro  
cos meus dedos tapadiña.*

Dende as terras onde nace o río Lérez, o Gaitero de Soutelo tamén escribía pensando e recordando aspectos varios da cidade de Pontevedra, a que reciba as súas augas. Este é o poema que aparece no citado libro, baixo o título de **A Virxe da Peregrina**:

*A Virxe da Peregrina  
mireina moi pesarosa  
Teucro non a deixa mirar  
en que pensa cando pasa.  
¡Airiños de Pontevedra!  
aireade a Peregrina,  
na escaleiriña redonda,  
dámelle unha axudiña  
para que non se canse de mostrar  
o seu filliño no colo,  
na pousadiña de pedra  
redondiña como un ovo,  
ergueitiña como unha vela*

*¡Camelia de Pontevedra!  
orballo da branca roseira,  
camiño de Compostela.*

No mesmo ano do seu pasamento (1972) merquei o seu libro, no bar do salón de festas “O Changüi”, un día da feira de Soutelo. Desde esta data lin e relín varias veces este pequeno libro de poemas, coa presentación da crónica feita -no ano 1924- polo citado **Castelao** e con prólogo de **Ramón Otero Pedrayo**. Si, facíao alí, nos nosos contextos de referencia: nas carballeiras, coidando das vacas ou mesmo cando impartía clases particulares... Comezaba así a interesarme polos referentes culturais máis próximos. Deime conta por primeira vez de que o Gaitero AVELINO relacionárase con moitos dos grandes intelectuais e persoeiros galegos de máximo esplendor, na década dos anos vinte do século pasado: Castelao, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Filgueira Valverde... Os meus sentimentos parecían coincidir.

Aseméllaseme significativo o comentario do escritor estradense Manuel García Barros “Ken Keirades” facendo alusión aos mencionados

Gaiteros de Soutelo, a gaita ten que ver coa cotovía, co tordo, coa rula, co rousinol, co xílgaro; e tamén co rumor dos regueiros, cos airiños da terra, cos efluvios dos piñeirais, co recendo da mimosa, co murmurio das fontes... A expresión das cousas máis queridas para nós, por iso a gaita galega é cousa “nosa”. Toda ela é recendo e espello da nosa maneira de ser, dos nosos costumes, do chan que pisamos.

Da mesma maneira cabe subliñar as opinións de Xosé Manuel Rivas Troitiño ... *Da súa faciana de gaitero, convén subliñar que ademais de intérprete de excepción, adicouse a recoller o folclore da terra e a compor. A muiñeira de Chantada é un exemplo desa recuperación ... Avelino soñaba con que a gaita chegara á Universidade. Pero con toda probabilidade nunca puido imaxinar que na aldea global na que nos toca vivir, a gaita chegara a ser instrumento tan recoñecido e de masas como conqueriron Carlos Núñez, Cristina Pato, José Luis Hevia, Óscar Ibáñez...*

Estes e outros moitos máis aspectos fannos pensar que o espírito de Avelino Cachafeiro aínda hoxe latexa forte nas carballeiras, nas festas populares e na



Con motivo do centenario do nacemento de Avelino Cachafeiro Bugallo: 21/10/1999, un grupo de emigrantes de Venezuela fixo posible inmortalizar esta escultura homenaxe aos catro gaiteros -en Soutelo de Montes- na praza que leva o seu nome: Praza dos Gaiteros.

lembranza das nosas xentes así como na xeración de gaiteiros posteriores. Ao respecto, Carlos Núñez -como herdeiro- proclamou publicamente o seu respecto e recoñecemento ao noso Gaiteiro. Na presentación en Santiago do disco *Os Amores Libres* interpretou a Muiñeira de Chantada, “en homenaxe ao máis grande de todos nós”, diante dun silencio moi respectuoso, coma se realmente fose a resurrección da arte do Gaiteiro de Soutelo.

Unha vez máis -ao mellor embaixador da nosa terra- queremoslle agradecer ademais da súa arte, que levase polo mundo adiante o nome de Soutelo de Montes, **sempre a capital da gaita galega**. Moitos dos que tivemos a fortuna de coñecerlo, aínda que só fose de vista, hoxe co paso do tempo permítenos saber que viviu de verdade unha lenda: el quixo ser, por enriba de todo, o **Gaiteiro de Soutelo**.

Este gran terramontés -un dos máis prestixiosos referentes musicais da nosa terra- non é o único que xurdiu nestas latitudes/altitudes pontevedresas. Sen remontarnos a **Diego de Cana** (século XVI), natural de Santiago de Pardesoia -o primeiro gaiteiro de quen temos noticia na comarca- pasamos a describir de seguido algúns aspectos e datos de interese relacionados con outros artistas musicais do pasado e do presente, que compuxeron e compoñen obras, que tocaban e tocan, que cantaban e cantan no berce do Lérez, para divertir e animar ás súas xentes, participando nas festas, romarías, vodas e outros eventos e tamén como medio de vida ou actividade laboral complementaria. Velaí algúns deles:

**Adelino Pichel Espiña**, o Gaiteiro de Sorribas, outro referente da comarca. Sempre implicado, dun

xeito especial e innato, nas temáticas relacionadas coa música popular galega. Soubo converter as xuntanzas de amizades en auténticas festas. Celebrouse o centenario do seu nacemento en Forcarei, no ano 2007. Con motivo desta efeméride publicouse o CD titulado “Chorovia na Moucarria” (frase no argot lingüístico do verbo dos canteiros que significa Música na Montaña) / Alén da néboa. Un traballo coordinado por Francisco Rozados “Rochi” (letra, voz e guitarra), contando coa colaboración dos acordeonistas Ramón Pichel, Jesús Campos e Andrea Porto Mato (gaita, guitarra, piano e voz). Letra e temáticas das obras interpretadas, como **homenaxe á muller labrega** nos tempos da sufrida emigración: “o home lonxe e os pais vellos e os rapaces por criar”.

**Manuel Cabada Muras**, o Gaiteiro de Seoane (Meavía). Tocaba tamén o acordeón.

**José Firvida Cachafeiro** “O Maduro” (gaiteiro e acordeonista), sobriño dos irmáns Cachafeiro Bugallo (Gaiteiros de Soutelo).

**José Gulías Picón** “Caladiño” (percusión). Acompañou a varios grupos musicais da comarca. Unha persoa polifacética e con grandes doses de humanidade.

O **acordeón** cala moi fondo na comarca, tanto ou incluso máis cá propia gaita. Deste xeito, comezaban a ser protagonistas os irmáns **Avelino, Bautista e Francisco Alberte Firvida** -bisobriños do Gaiteiro de Soutelo- xa que levan nas súas veas a paixón pola música. Os tres xunto a outras persoas máis, constituíron o conxunto músico vocal “**Os Montes**”, amenizando grandes bailes todos os últimos mércores de mes coincidindo coa feira de Soutelo, na Sala de festas “O Changüi”.

Anos máis tarde, estes tres irmáns pasaron a formar parte dos Diplomáticos do Acordeón: Avelino que finou no mes de xullo de 2019, tocaba o acordeón. Bautista a batería e Francisco manexando o fol e os punteiros. Deste famoso grupo musical -os Diplomáticos do Acordeón- formaban tamén parte outros homes da Terra de Montes: **Ramón Pichel** (Moncho) fillo do citado Gaiteiro de Sorribas, animador de grandes bailes no Salón Paraíso de Forcarei; **Joaquín Barreiro e Jesús Campos** -Jesús de Chamosa- a segunda gaita do grupo ademais de acordeonista. A estes seis homes uníanse ás veces outros dous extraordinarios músicos: **Francisco Cachafeiro** (de Rozados) e o estradense **Antonio Villaverde**. Uns e outros combinaban pezas antigas ao estilo de járdelle o eixo, carballeiral ou con algunha que outra picardía por exemplo nos muíños (ai! se eles falasen, como di a famosa cantiga “unha noite no muíño non é nada”) con outras pezas máis modernas, adaptándose a todos os públicos. En relación ao mencionado **Avelino Alberte Firvida**, cabe subliñar que foi o Director do grupo “Os Gaiteiros de Soutelo durante a década dos noventa”, exercendo como un auténtico mestre de música cun grupo de rapaces, coa pretensión de formar, recuperar e potenciar as tradicións musicais na comarca.

**José María Álvarez Sanmartín** “O músico”, acordeonista. Con moitos sacrificios, xa que contaba con poucos anos, aprendeu música. Sendo moi novo, fundou o conxunto musical “Novo ritmo de Presqueiras” co seu irmán Manuel, o vocalista Amancio Bértolo e coa guitarra de José Manuel Cortizo. Isto serviríalle para comezar a colaborar no sustento e na economía do seu fogar, debido ás moitas necesidades e carencias familiares daquela época. Emigrante que soubo combinar varios postos

de traballo en Villablino (León), Andorra e Suiza, coa súa paixón: a música. Ten rexistradas na Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), dúas obras: Muiñeira O Portalén e a Xota de Forcarei. Ao respecto, o gaitero Óscar Ibáñez reelaborou a citada Xota de Forcarei a partir de dúas versións: 1ª (repertorio dos Diplomáticos do Acordeón) e 2ª que aprendeu do propio José María Álvarez nunha xira por Suiza.

Obviamente e seguindo o curso do río Lérez, xa fóra do Concello onde nace, encontraríamos moitas máis persoas relacionadas coas artes musicais, amantes e simpatizantes delas, pero isto sería obxecto de estudos máis amplos, por exemplo as **Pandeireteiras de Barro de Arén** (na parroquia de Cerdedo) -**José Cortizo e Delmira Camiña**, entre outros- que mantiveron vivos os cantares da terra, divulgando a cultura, lembrando ruadas, namoramentos, esfoladas, muiñadas... Cando a xente cantaba mentres lavaba, sachaba no millo, apañaba o toxo... e sobre todo cando había festa -os mozos e mozas- á lus do candil de carburo. Troula rachada, o baila das pandeiretas. Como recordo temos un CD gravado no ano 2006.

Somos conscientes de que nos quedan sen nomear outros profesionais relacionados coa música e o canto do Concello de Forcarei e limítrofes pero non cabe ningunha mala intención ao respecto. Nesta temática cómpre levar a cabo outros estudos, tal vez máis extensos e rigorosos.

En todo caso, queremos finalizar este artigo facendo alusión en primeiro lugar a unha gran promesa musical da nosa terra, excelente en plena xuventude no presente e con moito optimismo futuro: o gaitero e compositor **Rubén Troitiño**

**García**. Un dos seus lugares de traballo aparece co curioso nome de ChisPún. Este mozo, metido de cheo na investigación musical da Terra de Montes, ten entre os seus méritos o de compoñer a "**Muiñeira para Antonio Fraguas**" (dispoñible en Internet), homenaxeando así -con este agarimo musical- a un home a quen se lle dedicou as Letras Galegas 2019. Participaron na gravación da peza catro asociacións, entre elas os Abrentes de Cerdedo (grupo do que el forma parte e que ademais preside). Así mesmo Rubén interveu como pregoeiro -a parte musical- na Festa do Gaitero 2019 acompañando a outra terramontesa, a profesora Carme Hermida Gullás.

E por suposto, a cousa non para aquí. Dentro deste maravilloso mundo das artes escénicas e musicais, non podemos esquecermos dunha das grandes referencias dos últimos tempos: Christian Senra Bértolo -**Sen Senra**- un forcaricense nacido en San Miguel de Presqueiras, que está sendo noticia en moitos dos xornais de ámbito nacional así como en telexornais da TVG e telediaris da TVE. Con tan só 26 anos, unha guitarra e un ordenador cambiaron a súa vida. Sen Senra é pura intuición dos sons, *mezclador de trap, trip-hop e electrónica*, unha das voces máis potentes dos novos sons urbanos. Cantante e compositor, Christian está abríndose paso e puxando con moita forza no pop español actual dende que en 2019 publicou **Sensaciones**. Aparece así como un dos grandes artistas do momento e con actuacións en moitas cidades de España (Lugo, Madrid, Barcelona, Valencia, Xixón...). Na súa biblioteca de sons, este presqueirense -Sen Senra- acaba de publicar no pasado mes de marzo de 2021 **Corazón cromado**, contando coa colaboración de Tangana. Creativo, innovador e orixinal, nunca se esquece das súas

orixes. Malia súa xuventude, pensa no rural, na cidade, no progreso... As súas composicións (cancións con fondo de amor, románticas...) contan con millóns de reproducións nas plataformas dixitais.

## Referencias bibliográficas, Webgrafía e outras fontes documentais

Cabada Castro, A. (2007): "Loanza de gaitas: o gaitero de Soutelo" en Raposeiras Correa, J. (Coordinador). *A procura da nosa identidade. Terra de Montes*, pp. 253-260, Pontevedra, Deputación Provincial.

Navarro, F. (2021): "Sen Senra, el chico de la intuición sonora", en *El País Semanal*, 20 de marzo de 2021, Madrid.

Rivas Troitiño, X.M. (2000): *O gaitero de Soutelo. Unha expresión da cultura popular*, edición facsímile promovida polo Concello de Forcarei, Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

- (1999): "O Gaitero de Soutelo, o mellor gaitero de Galicia", en *Cotaredo*, 2, pp. 7-14, Concellaría de Cultura do Concello de Forcarei.

Rodríguez Fraiz, A. (1982): *Canteiros e artistas de Terra de Montes e Ribeiras do Lérez*, Pontevedra, Gráficas Portela.

Rozados, F. (1991): *Forcarei no berce da Umia e do Lérez*, Concellaría de Cultura do Concello de Forcarei e Secretaría Xeral de Turismo da Xunta de Galicia.

Senra Varela, A. (1999): "El gaitero de Soutelo de Montes: un ídolo popular", en *Cotaredo*, 2, pp. 15-20, Concellaría de Cultura do Concello de Forcarei.

Vídeo Terra de Montes / Asociación "Amigos da Terra de Montes" (con comentarios de Carlos Balñás Fernández).

Facebook Asociación Amigos da Terra de Montes.

[www.agitadofol.com](http://www.agitadofol.com) / Adelino Pichel - E os gaiteros de Forcarei.

Web "Amigos da Terra de Montes": [www.webterradementes.com](http://www.webterradementes.com)

Web de Rubén Troitiño: [www.rubentroitino.com](http://www.rubentroitino.com)

En San Miguel de Presqueiras (Forcarei) e Pontevedra, maio de 2021